

A secretaria de organización do PSdeG-PSOE asegura que os socialistas “sempre defenderon os dereitos dos galegos residentes no exterior, poñendo en marcha, por exemplo, os maiores avances en atención social para os emigrantes que se lembren”



Barcón afirmou que “a lexislación electoral actualmente en vigor é a mesma que cando gobernaba o Partido Popular, o único que cambiou foi a súa capacidade para conseguir os mesmos resultados electorais que tiñan antes na emigración”

Santiago, 8 de agosto de 2008.- A secretaria de organización do PSdeG-PSOE, Mar Barcón, explicou que os socialistas “sempre estiveron do mesmo lado, no da defensa dos dereitos dos galegos residentes no exterior”. Algo que amosaron, segundo Barcón, “poñendo en marcha os maiores avances en atención social para os emigrantes que se lembren”. E recordou, como exemplo, que “foi o PSOE quen impulsou o Estatuto da Cidadanía Española no Exterior”.

Pola contra, a secretaria de organización dos socialistas asegurou que o PPdeG “considerou sempre aos emigrantes, e parece seguir considerándoos, unha mercadoría electoral”.

Expuso ademais que “a lexislación electoral actualmente en vigor é a mesma que cando gobernaba o Partido Popular, no Estado e en Galicia, cando defendían que non había posibilidades de manipular o voto dos residentes no exterior”. “O único cambio que se ten producido foi no PP, un partido que antes tiña un liderazgo político do que agora, ao parecer, carece para conseguir os mesmos resultados que tiñan antes na emigración”, declarou.

Mar Barcón asegurou que “é preciso rematar coa descalificación reiterada dos populares aos emigrantes e coa deslexitimación do seu voto”. E engadiu que “os galegos do exterior son libres e deben ter para nós os mesmos dereitos e a mesma capacidade de decisión que teñen os residentes”.

En calquera caso, continuou, despois do espectáculo protagonizado polo Sr. Feijoo repartindo cheques de parte, ao parecer, do Sr. Louzán, é increíble que o PP se atreva a abrir a boca no que ao voto emigrante se refire”.